Narcissus bulbocodium L., 1753

- trompeta de medusa, narciso trompeta, flor de San Xosé
- trompeta de medusa, narciso de trompetillas/de olor/acampanado
- nartziso
- narcís de faldilla, trompeta de bruixa
- pettitcoat daffodil
- narciso anão, narciso de saias, campainha amarela



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Liliopsida**	**Asparagales**	**Amaryllidaceae**	***Narcissus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte herbáceo. Talo floral moi curto, case soterrado. Posúe entre 2-6 follas, filiformes, moi finas, de sección semicircular ou estreita e de cores azul-verdosas. Aparecen ao mesmo tempo cá flor. As flores son a parte máis rechamante, son solitarias e de cor amarela intensa. Presentan unha coroa en forma de trompeta, moito maior cós pétalos, os cales son pequenos e curtos. A floración é no inverno. Os froitos teñen forma de cápsula trolocular e erecta. Ao maduraren liberan sementes esféricas de cor negra.

HÁBITAT

Pradeiras húmidas, claros de bosques atlánticos e matogueiras abertas. Aparece en zonas de montaña e zonas temporalmente encharcadas. Prefire solos ácidos, silíceos e pobres en calcio. Medra dende o nivel do mar ata 2000 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Nativa da Península Ibérica, común en: Galicia, norte e centro de Portugal, Cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Montes de León, Serra Morena e os Pireneos occidentais.

CURIOSIDADES

É unha das primeiras flores en aparecer na primavera, mesmo pode medrar sobre a neve. Adoita formar poboacións densas, creando grandes tapices amarelos.